

O INOCENTE

Louis Garrel, 2022

1091

ESTREA EN NUMAX: 05.04.2023 | V.O.S.E. | +12 | 99 min

Abel (Louis Garrel) é un viúvo mozo que leva unha vida tranquila traballando como guía no acuario de Lyon. Cando descobre que a súa nai, Sylvie (Anouk Grinberg) está a piques de casar cun ex atracador que acaba de saír de prisión, Abel entra en pánico. Decidido a protexer a súa nai e coa axuda da súa amiga Clémence (Noémie Merlant) comezará a vixiar de preto a Michel... pero o encontro co seu novo padrastro podería facer que a súa vida e a da xente que o rodea mude para sempre. Desenfadado, conmovedor e divertido, o filme xustapón varios temas, oscilando ludicamente entre a comedia sentimental e o cinema de atracos.

«Tola, perspicaz e conmovedora»

Alexis Champion, LE JOURNAL DU DIMANCHE



Entrevista con Louis Garrel: «Cando lle pides a alguén que interprete situacións cómicas é como regresar á infancia»

Por Fernando Bernal

Volves recorrer ao personaxe de Abel como a túa prolongación na pantalla, que ten de ti o protagonista deste filme? Probablemente compartimos unha forma de ansiedade moderada e suave. É alguén que intenta anticipar o drama antes de que chegue.

Entón, cando escribe introduce tamén elementos da súa propia biografía? Si, si, claro. Aquí xoguei con cousas que sucederon cando era pequeno. A miña nai traballou en cárceres e frecuentaba xente que pasara por prisión e este mundo servíume como inspiración. A idea era poñer en relación a dous personaxes que non tiñan absolutamente nada que ver, pero que están vinculados un co outro.

Os seus dous filmes anteriores escribiunos con Jean-Claude Carrière (falecido en 2021). Aquí comparte o guión con Tanguy Viel e Naïla Guiguet, que cambios notaches? Había cousas que Jean-Claude non me deixaba facer. Escribira 150 guións e había temas que xa non lle interesaban ou que non lle atraían tanto. Do que estou seguro é de que non lle gustaba a sentimentalidade e neste filme permitíme a min mesmo ser sentimental. Os anteriores con el eran máis secos e irónicos e é algo que me gustaba moito. Pero aquí necesitaba contar con ese primeiro grao sentimental.

Aínda que no teu cinema xa estaban presentes de maneira moi elegante elementos de comedia, aquí lánzaste ao xénero dunha maneira máis decidida. Si, para este filme necesitaba cambiar totalmente de rexistro. Quería que tivese cousas de cine negro, de romanticismo... e tamén de comedia. Hai secuencias que parecen sacadas directamente dun vodevil e situacións burlescas. Non o fixera nunca e probar cousas novas resúltame moi agradable.

Despois dun drama como *Retrato dunha muller en chamas* (Céline Sciamma, 2019), o teu filme revela tamén o gran talento de Noémie Merlant para a comedia... A química entre os dous funciona realmente moi ben. Ela xa fixera algo máis lixeiro con Jacques Audiard en *París, Distrito 13* (2021) e sabía que podía ter moitos rexistros. Na rodaxe traballamos moito sobre a súa expresividade, o seu personaxe é excéntrico e conmovedor desde o mesmo momento da escritura. Ela confiou en min e así descubrín unha nova personalidade como actriz. Actuar, no fondo, é perpetuar os xogos que che gustaban cando eras neno e cando lle pides a alguén que interprete esta serie de situacións cómicas é como regresar á infancia dunha maneira directa.

Despois de cinco filmes dirixíndote a ti mesmo, sentes máis liberdade cando te pos diante da cámara? Empezo a ter máis confianza cando me poño en escena. Antes cortábame un pouco e centrábame no resto dos actores. Aínda que non creo que ter demasiada confianza neste sentido resulte positivo, porque entón é cando empezan a fallar as cousas.

E sobre o teu personaxe, neste caso foxe deste arquetipo de bohemio burgués parisiense... Necesitaba saír de París. Non sei se eu son en realidade ese tipo de parisiense, pero si que fixen moitos filmes que transcorren na cidade e ese arquetipo podía ser un problema para este proxecto. Por iso me fun a Lyon e cambiei todo o imaxinario que en torno a min poidan ter os espectadores.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Un hombre fiel,
Louis Garrel.
Karma [DVD]

*Retrato de una mujer en
llamas,*
Céline Sciamma.
Karma [DVD]